

ACTA DA ASAMBLEA XERAL

No salón de actos do Colexio Maior Rodríguez Cadarso, sendo ás 10:00 horas do **sábado 15 de decembro de 2024**, reúnese a Asamblea Xeral da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 11 dos seus 33 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (6 de 22):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves) > Diego Fernández Sánchez	X	
CDM Xesteiras (Pontevedra)		X
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	X	
A.D.C. Arnela (Porto do Son) > Antonio Piñeiro Pouso	X	
Gallaecia Raid (A Coruña) > Claudia Oreiro Chapela	X	
S.M. Ártabros (A Coruña) > Alfonso Mancera Bello	X	
Fluvial de Lugo (Lugo)		X
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras)		X
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		X
Aromón Pontevedra (Pontevedra)		X
Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos	X	
VigoOrienta (Vigo)		X
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		X
Brigantia Aventura (A Coruña)		X
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		X
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		X
Club O Pasatempo (Betanzos)		X
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		X

Club SEO (Ordes)		X
Club USC (Santiago de Compostela)		X
Club Vichelas (Guitiriz)		X
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		X

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (1 de 7):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		X
Borja Varela Paz		X
Laura Garrido Martínez		X
Enrique Luis Álvarez Estévez	X	
Yolanda García González		X
David Lareo Martínez		X
Victoria López Permuy		X

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	X	
Teresa Bellón Santos	X	

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	X	
Candela Puime López		X

Tamén asisten, con voz pero sen voto: Roberto Amarelle Garabán (secretario da Fegado), Javier Antoñón Clemente (tesoureiro da Fegado), Jorge Piñeiro Portela (director técnico da Fegado), Adrián Pérez Alonso (secretario accidental e vogal de Raid), Alicia Pérez Alonso (vogal de MTBO), Ramón Fernández Torres (A.D.C Arnela) e Laura Garrido Martínez (estamento de orientadores). No caso de Laura Garrido Martínez a pesar de ser membro da Asamblea con dereito a voto, ao realizar o seguimento vía telemática non puido exercer dito dereito.

ORDE DO DÍA

1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asamblea Xeral do 22/06/2024.

Toma a palabra a presidenta da Fegado para agradecer a presenza das persoas asistentes e comeza indicando que un ano máis a Fegado foi auditada e como consecuencia procede á lectura do informe da auditoría relacionada coa reformulación das contas do ano 2023.

Actou seguido procédese á votación da Asamblea Xeral do 22/06/2024 sendo aprobada por unanimidade (11 votos a favor).

2º.- Memoria 2024.

Toma a palabra a presidenta da Fegado para indicar que esta memoria será aprobada na Asamblea Xeral de 2025, non obstante, fai unha presentación do índice cos diferentes apartados que a compoñen.

3º.- Liquidación do presuposto 2024.

Toma a palabra o tesoureiro da Fegado para presentar o informe da execución do presuposto 2024 a 13 de decembro de 2024. Dito informe será publicado na área de transparencia da páxina web da Fegado.

Unha vez finalizada a exposición, intervén Mancera para indicar que sería necesario de cara ás vindeiras Assembleas dispor dese informe de execución co suficiente tempo de antelación para poder analízalo con detalle. Aclara a presidenta da Fegado que non foi posible dispor dese documento con anterioridade xa que se tardou moito en asinar os convenios cos diferentes clubs e persoas corredoras.

Intervén, novamente, o tesoureiro que a súa intención para o vindeiro ano é ter este documento de execución de presupostos coa suficiente antelación debido a que se vai axilizar a sinatura dos convenios.

4º.- Aprobación do presuposto 2025.

Intervén o tesoureiro da Fegado para indicar que o presuposto do ano 2025 vai ser unha continuidade do presuposto do ano 2024, cuns ingresos e gastos que roldan os 51.000 euros. O documento no que se recolle este presuposto está accesible ao público dende a área de transparencia da páxina web da Fegado.

Procédese á votación do presuposto 2025 sendo aprobado por unanimidade (11 votos a favor).

5º.- Presentación do proxecto deportivo 2025.

Toma a palabra o director técnico da Fegado para facer unha presentación do que será o proxecto deportivo do ano 2025 e que foi enviado á Secretaría Xeral para o Deporte o día 10 de novembro.

Aclara que este proxecto deportivo está exposto publicamente na área de transparencia da páxina web da Fegado.

6º.- Aprobación do calendario de probas e eventos 2025.

Toma a palabra Francisco Varela, como persoa colaboradora da Fegado responsable da mesa de traballo que xestiona o calendario das probas e eventos relacionados coa orientación.

Comeza presentando o calendario provisional 2025 a día 14/12/2024 para a continuación ir analizando proba a proba co resto dos membros da Asamblea.

Decídese realizar as seguintes modificacións en relación a este documento inicial:

1. En relación á proba do 11 de xaneiro de O-pé organizada polo club Pasatempo a assemblea cuestiona que nin a Fedo nin a Fegado teñan tempo suficiente para xestionar as licenzas das persoas corredoras. Procédese a unha primeira votación para determinar se a proba se mantén nesa data resultando (1 abstención de A.D.C. Arnela e 10 votos en contra). Acto seguido procédese a realizar unha segunda votación para determinar se se mantén a proba pero noutra data diferente quedando a criterio da Xunta Directiva da Fegado a aprobación da proba, xa que así foi delegado pola Asamblea Xeral. Procédese á votación resultando 1 abstención (A.D.C. Arnela) e 10 votos a favor.
2. En relación á proba de O-pé do 25 de outubro organizada polo club Limiactiva coincidente co campionato de España sprint urbano procédese á votación de se se mantén esa data resultando 3 abstencións (club Compás, A.D.C Arnela e Pablo Aller) e 8 votos en contra. Novamente realízase unha segunda votación para determinar se se mantén a proba pero noutra data diferente quedando a criterio da Xunta Directiva da Fegado a aprobación da proba, xa que así foi delegado pola Asamblea Xeral. Procédese á votación resultando 3 abstencións (club Compás, A.D.C Arnela e Pablo Aller) e 8 votos a favor.
3. Fixar a Asamblea Xeral da Fegado para o día 28 de xuño de 2025.
4. As proba de O-pé de Ártabros a celebrar o 20 de setembro de 2025 pasa a ser proposta tamén como unha das probas da liga transfronteiriza.
5. A club Gallaecia propón organizar dúas probas máis de MTBO o sábado 6 de setembro.

Despois de realizar estas modificacións en relación á proposta inicial procédese á votación sendo aprobado o calendario definitivo por unanimidade (11 votos a favor) e que quedará exposto na área de transparencia da páxina web da Fegado.

7º.- Aprobación de enmendas e normas dos diferentes regulamentos.

Toma a palabra o director técnico da Fegado para realizar unha breve introdución das propostas que serán presentadas a continuación por Adrián Pérez, xa que foi el mesmo quen as redactou. Explica que estas propostas non foron aprobadas na Asamblea Xeral Técnica xa que afectan a criterios económicos.

A primeira proposta afecta á coto de inscrición de raid alegando que fai anos que non se aumentan os prezos e que cada vez os custos da organización de raid son maiores. A proposta considera que no prazo barato os 66 euros de inscrición pase a ser de 75 euros, e no prazo caro a inscrición pase dos 75 euros aos 87 euros. Procédese á votación sendo aprobado este incremento das inscricións por unanimidade (11 votos a favor).

A segunda proposta consiste na presentación dun documento no que se detallan cales son os pasos e os custos que deben asumir os clubs de desexen organizar unha proba de orientación. Trátase dun documento moi semellante aos que posúe a Fedo. Un dos aspectos que recolle este documento, e que máis debate suscitou entre os membros da Asamblea é a existencia dunha cuota de 200 euros que todos os clubs deben pagar á Fegdo para contribuír deste xeito aos diferentes gastos de organización das probas, préstamo de materiais, pago de xuíces, etc. Procédese á votación da proposta resultando 2 abstencións (A.D.C. Arnela e Gallaecia Raid), 9 votos en contra e ningún voto a favor da aprobación do documento. Non obstante os membros da Asamblea consideran que o documento pode ser de gran interese para o futuro polo que debe ser traballado e valorado nunha mesa de traballo que será constituída para tal fin.

8º.- Rogos e preguntas.

Toma a palabra Ángel serto para indicar que garda na súa casa material da federación da época Covid para saber que debe facer con el. Responde a presidenta indicando que lle saque fotos e que lle envíe á Federación para así poder tomar unha decisión.

A continuación intervén Pablo Aller para propor a existencia de relevos abertos para todos os públicos.

Finalmente intervén a vicepresidenta para preguntar como se procederá este ano co dorsal Fegado para todas aquelas persoas que non teñen dorsal o día da proba. Responde a presidenta indicando que se vai colgar un pdf de dorsais en branco na páxina web da Fegado quedando a disposición de cada club organizador a posibilidade de poder imprimir o número de dorsais que considere necesario.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral, co agradecemento da presidenta a todos e todas os/as presentes, sendo as 14:18 horas do mesmo día 14 de decembro de 2024.

O secretario da Federación
Roberto Amarelle Garabán

VºBº A Presidenta
Sonia Gómez Naya